



## Concello de A Pobra do Caramiñal

---

### PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Expediente:** 667/2018

**Asunto:** Ordenanza sobre a protección, a tenza e a venda de animais

O Concello ten vontade de aprobar unha normativa reguladora en materia de protección, tenza e venda de animais, no exercicio das competencias que ten atribuídas ao abeiro do recollido no artígo 25.1.j) da Lei 7/1985 referentes á protección da salubridade pública e que cumpra co recollido na recentemente aprobada Lei 4/2017, do 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Considerando o anteriormente exposto, e visto o informe do servizo municipal competente, esta Alcaldía no exercicio das súas funcións formula a seguinte proposta de resolución:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora de protección, a tenza e a venda de animais, cuxo texto se incorpora como anexo á presente proposta.

**SEGUNDO.** Someter dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación. De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal no portal web do Concello [<http://apobra.sedelectronica.es>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

O Alcalde

asinado dixitalmente ao marxe